



“O ALTRUÁN”, PINTADO POR BENITO PRIETO COUSSENT

Celia Castro

“Aos ribadenses de antano, de agora e de sempre.”

1. Introducción

Para os que somos de Ribadeo ou estamos interesados na súa historia, a figura do *Altruán* é familiar no primeiro terzo do século XX.

Pedro Celestino Alonso, mariñeiro de profesión, auténtico lobo de mar, de longa barba e aspecto patriarcal, era un personaxe asiduo das rúas ribadenses. Era frecuente velo fumando na súa pipa polo peirao de Porcillán, recollendo as redes, ou faenando nun pequeno chalano que bautizou *Don Celestino*, e que parece que lle prestaban para a pesca diaria.

Non se coñecen moitos datos da súa vida, nin se ten claro o porqué se lle puxo este alcume.

Unha bisneta súa, Teresa González, residente na Arxentina, nunha entrevista que lle fixeron en *La Voz de Galicia*, dixo que a súa avoa lle contara que unha vez había unha pelexa moi forte, na que ninguén se atrevía a mediar. Só el se meteu no medio a separar aos contrincantes. Entón alguén berrou: “Mira o altruán, mira o altruán”. E de aí xurdiu o alcume¹.

Esta é unha explicación, non sei se existen outras.

Entre os poucos datos biográficos que posuímos, sabemos que vivía na rúa Bretón de los Herreros,

nº 26 (que xa non existe), e que tiña polo menos un fillo chamado Severiano, que aparece con el nunha fotografía.

O que si sabemos é que era un personaxe popular, fotografado varias veces por Benito Prieto Ferrero, e o seu fillo Benito Prieto Coussent, que tamén o pintou en varias ocasións.

2. Benito Prieto Coussent. Breve biografía

Benito Prieto, nado en Ribadeo o 6 de xuño de 1907, viviu en Padul dende 1941 a raíz do seu matrimonio con M^a Antonia Rejón, mestra e boticaria, natural desa localidade granadina, residindo alí ata o falecemento desta en 1958. Logo, traslada a súa residencia a Granada, onde falece o 3 de Febreiro de 2001 aos 93 anos.

O seu pai, Benito Prieto Ferrero, natural de La Bañeza (León) e fotógrafo de profesión, establecérase en Ribadeo deica 1880. Alí montou un estudo con sucursais en Navia e Luarca, converténdose pronto nun dos fotógrafos máis prestixiosos da comarca. Esta dedicación á fotografía, xunguida ás súas extraordinarias dotes para o debuxo, fixo que se orientase cara este arte, influíndo tamén a axuda prestada por D^a. Antonia Carrera, viúva do recoñecido pintor Dionisio Fierros, que lle facilitou dende moi temperá idade o acceso ao estudo do seu defunto marido, animándoo a pintar.

1 B. M.: “Vine a Ribadeo para recordar a mi abuela y buscar sus raíces”, *La Voz de Galicia*. A Mariña, 22/05/2009. Programa Onda Cero, *Mariña en la Onda*.

Benito sería toda a súa vida amigo do neto do pintor, Dionisio Gamallo Fierros, eminente profesor e literato.

A súa inclinación ao realismo vese xa nas súas primeiras obras, así como a súa profundidade no tratamento das mesmas, sobre todo nos seus retratos, nos que reflicte o carácter e a psicoloxía dos personaxes.

Consérvanse dende cedo, cadros que demostran o seu profundo interese pola pintura clásica, á vez que un sentido da perfección que nunca lle abandonará. Boa mostra diso é a copia do cadro de Velázquez, *Menipo*, actualmente no pazo de San Marcos -Sede da Deputación Provincial-, de Lugo.

Outros máis orixinais e realistas son, *Vello Ferreiro*, *O Altruán*, e *Vello fumando en pipa*, realizados ao redor de 1921.

Posiblemente se inspire para a súa realización en fotografías realizadas polo seu pai, ou por el mesmo (durante toda a súa vida fotografou cunha cámara de placas), de aí o seu gran realismo.

Todos eles son personaxes populares de Ribadeo que coñece e cos que se atopa a miúdo no porto e na rúa. Algúns, como *O Altruán* (un mariñeiro chamado en realidade Celestino) ou Basilio, serán tomados como modelos para os apóstolos da *Última Cea de Xesús*, obra que realiza por estes anos (1930), propiedade da filántropa Dona Corona González Santos².

Son aínda traballos dun principiante, pero neles xa podemos apreciar indicios desa personalidade analítica e apaixonada, que non se conforma cun tratamento superficial e quere chegar ao fondo, á esencia das cousas e que irá consolidándose co tempo.

Aos quince anos foise estudar Belas Artes a Madrid, á Academia de San Fernando, cunha Bolsa de estudos proporcionada pola Deputación de Lugo. Alí, despois de agardar un ano por non ter a idade regulamentaria, tutelado polo gravador lucense Castro Gil, tivo como

mestres a figuras tan prestixiosas como Cecilio Plá, Manuel Benedito, José Moreno Carbonero e Julio Romero de Torres, xunto aos que desenvolveu seu gusto polo realismo.

Relacionouse con compañeiros como Salvador Dalí, con quen máis tarde tería desacordos.

En 1928, xa co título de profesor de Debuxo, e habendo realizado entre outros os retratos do rei *Don Alfonso XIII* e de *D. Ramón González*, encárgaselle para a parroquia de Galdo (Viveiro) unha serie de óleos para conformar o *Monumento ao Santísimo* durante a Semana Santa. Fai doce grandes lenzos con escenas do Antigo e do Novo Testamento, en algúns recrea cadros clásicos (*La Última Cena* de Juan de Juanes ou *Jesús y el centurión*, de Veronés, pero outras composicións (*Moisés* ou *Aarón*) son moito máis persoais, mostrando xa a forza nos escorzos e a profundidade na mirada que lle serán características.

Ademais de tomar como modelo para a composición autores clásicos, o que demostra a súa cultura artística, toma como modelos para as figuras persoas reais, do pobo, veciños de Galdo, o que nos amosa xa o seu profundo interese por captar a realidade. O escritor viveirense Fausto Galdo fala a este respecto dos nenos dunha escola próxima³.

De composición clásica é unha obra rompedora en muchos aspectos pola expresividade da liña e os contrastes (ás veces violentos) de cor.

Aos vinte e cinco anos obtén unha praza de profesor de Debuxo, e podendo optar a este posto nunha capital importante como Barcelona ou Madrid, escolle o Instituto de Tui onde impartiría por dous anos as materias de Debuxo e Modelado. Alí foi moi querido polos veciños e sobre todo polos seus alumnos (aos que instaba a observar a natureza e inspirarse nela rexeitando os estereotipos), que lle tributaron homenaxes. Entre as súas actividades cóntase a fundación da revista cultural *Tude*.

Ao comezo da Guerra Civil atopábase en Ribadeo de vacacións. Alí foi detido baixo a acusación de ser

2 Castro Fernández, C.: "Corona González Santos e Ramón González, un matrimonio de mecenas"; *Croa*, nº 25, Lugo, 2015, pp. 96-101; Id.: "A Última Cea de Benito Prieto Coussent: personaxes tomados da realidade"; *Lucensia (Miscelánea de Cultura e Investigación)*, nº 48, 2014, Ed. Seminario de Lugo, pp. 121-128.

3 GALDO, F.: *Pintura y Pintores de Viveiro*, Edición do Castro, Sada, A Coruña, 1992, p 69.

amigo de rebeldes e anarquistas, e polo seu claro posicionamento na esquerda, sendo conducido de novo a Tui e recluído no cárcere.

Din os seus biógrafos que este feito marcaríao para sempre, dándolle unha nova madurez e un sentido existencial que marcará as súas obras posteriores.

No cárcere fará a lapis e sanguina retratos dos seus compañeiros que logo entregará as súas familias. Son obras esenciais e cheas de sentimento.

Liberado grazas á intervención dun familiar é incorporado a filas no batallón Zaragoza 530. Pero unha vez máis a sorte acompañarao e con outros compañeiros é levado ao Mosteiro de Guadalupe, onde permanecerá recluído ata o fin da contenda. Alí convive cos monxes e deixa varias obras.

Ao rematar a guerra volve a Ribadeo e permanece en Galicia, onde continúa pintando. Entre as obras deste momento está o retrato a lapis do seu amigo o periodista e investigador Dionisio Gamallo Fierros, datado en 1939.

En 1940 casa con M^a. Antonia Rejón, mestra e farmacéutica, a quen coñece en Ribadeo, exercendo a súa carreira de maxisterio. En 1941 o matrimonio trasládase a El Padul, onde nacerán os seus dous fillos, Benito e Soledad, e permanecerán ata a morte de Antonia, o 2 de Maio de 1957.

Nesta etapa obterá numerosos éxitos na pintura, entre eles unha terceira medalla na Exposición Nacional de 1948 polo seu *Cristo crucificado*, obra que espertou grande polémica polo seu realismo exacerbado que nos recorda aos mestres xermánicos. Deste mesmo tema hai catro versións con diferente composición, en varios museos do mundo.

Fará tamén numerosos retratos de diversas personalidades españolas (entre elas o Infante *Alfonso de Borbón*) e estranxeiras.

En 1955 fai unha viaxe a Turquía para pintar o retrato de *Mustafá Kemal Atatürk*, creador da patria turca, e pinta varios cadros entre eles as *Ruinas de Éfeso*, adquirido pola Banca francesa de Madrid.

En 1957 falece a súa muller e gran apoio Antonia Rejón. En 1958 casa coa farmacéutica e investigadora Amparo Serrano, trasladándose a familia a vivir a Granada.

Continúa incansablemente atendendo aos seus numerosos encargos e retratando a personalidades como *O Cordobés*, *O Doctor Barnard*, etc.

En 1983 é nomeado numerario da Real Academia de Belas Artes de Granada á que dona o seu magnífico cadro *El Padre Damián*, unha magnífica descrición do apóstolo dos leprosos.

Seguirá pintando ininterrompidamente obras de gran formato: *El Peregrino de la paz* (dedicado ao pontífice Juan Pablo II), ou *¿Quién me librerá de ese cuerpo de muerte?*, ata a súa morte en Granada, o 4 de febreiro do 2001.

Aínda que nunca perdeu o contacto con Ribadeo, onde tiña moitos amigos, é pouca a obra que se conserva da súa nenez e mocidade nesta vila, da súa etapa artística ata 1940.

Sen embargo, foi nesta vila onde naceu o seu interese pola pintura, e onde se fraguaron ás súas primeiras obras, que serían punto de partida para unha traxectoria marcada polo realismo e a plasmación dos caracteres nos seus retratos, a captación da atmosfera e a luz nas súas paisaxes e a veracidade á hora de representar todo tipo de obxectos.

3. Benito Prieto e O Altruán

Como dixen antes, Benito Prieto Coussent, comezou a pintar e a fotografar dende moi neno e, pola súa amizade coa familia Fierros, a viúva do reputado pintor Dionisio Fierros deixáballe utilizar as pinturas e os pinceis do seu marido, para fomentar esta afección.

Comezou os seus estudos no colexio dos Agustinos, (Fundación Clemente Martínez Pasarón), que durante algún tempo mantivo na vila o filántropo Don Clemente Martínez Pasarón.

El 9 de agosto de 1918, o semanario ribadense *Las*

Riberas del Eo, publica que o neno Benito Joaquín Prieto Coussent "recibió un premio de dibujo en el colegio Fundación Clemente Martínez⁴.

Uns anos máis tarde, quizais en 1921-1922, pintaría os seus primeiros cadros, representando personaxes populares ribadenses, *O Altruán* é un dos seus preferidos.



Lám. 1: *O Altruán*. Benito Prieto. Óleo sobre lenzo. Concello de Ribadeo. 128cmx80cm. Ca. 1921-1922. Foto da autora.

Este, penso que é o primeiro de todos os que lle faría durante unha década.

Neste cadro, de pequenas dimensións, aparece Celestino, polo que parece, regresando de pescar ca chalana. Leva na man unha cesta cos aparellos e posiblemente o peixe e, sobre o lombo, o remo, o *esquileiro* e as redes.

Ao fondo, a Ría de Ribadeo e as casas de *Cabanela*.


O seu aspecto debe ser o que presentaría de cotío, cando andaba polo peirao e viña de faenar: un sombreiro de mariñeiro, unha camisa aberta e vella, e uns pantalóns e unha chaqueta raídos. Calza zocos e polainas de goma.

A súa fisionomía e a dun auténtico *lobo de mar*. Rostro engurrado, faccións duras e mouras polo vento e o sol, e nariz ancho, con algunha verruga. Barba longa, encanecida e partida en dous. Fuma en pipa, e debía facelo a miúdo, porque Benito retrátao varias veces con ela.

Con toda seguridade, *O Altruán* posa para Benito, pero este tamén se inspira en fotografías (algo que fará durante toda a súa traxectoria). A súa fidelidade ao modelo podemos vela na portada do número 68 da revista *Céltiga*, editada en Bos Aires, do 25 de outubro de 1927, que reproduce unha foto do *Altruán*, co seguinte subtítulo: *De la Costa Lucense - Un lobo marino*⁵. A foto foi tomada por Pascual Fernández Moreno, primo dos Irmáns Moreno, os coñecidos mecenas ribadenses.

4 *Las Riberas del Eo*, Ribadeo, 9/8/1918.

5 *Revista Céltiga Revista Gallega*, Año IV, N°68, Bos Aires, 25/10/1927. Portada.



Lám. 2: *De la Costa Lucense - Un lobo marino*. Fotografía Fernández Moreno. Portada da *Revista Céltiga* (Revista Gallega). Ano IV, n.º68. 25/10/1927.

Aínda que esta portada foi publicada uns anos máis tarde que o cadro de Prieto, a fisionomía é practicamente a mesma, así mesmo a caracterización inclusive a expresión coa mirada fixada ao lonxe. O fondo, o peirao de Porcillán.

Antes de marchar a Madrid para cursar os seus estudos superiores, Benito fai outro cadro do *Altruán* espléndido no seu realismo, que xa vaticina o que chegará a ser no campo da arte. É un cadro de gran tamaño, que titula *Vello Ferreiro*.



Lám. 3: *Vello Ferreiro*. Benito Prieto Coussent. Óleo sobre lenzo. Ca 1921-1922. Ribadeo. Paradoiro descoñecido. Foto Sociedad Cultural Benito Prieto Coussent.

Este espléndido cadro está actualmente en paradoiro descoñecido. Só se conservan del algunhas fotografías en sepia, sendo quizais esta a máis interesante, porque o autor, duns quince anos, está retratado con el nunha pose moi circunspecta.

Posiblemente esta foi a obra que decidiu á Deputación de Lugo a concederlle a Bolsa de Estudos para a Academia de San Fernando.

O formal do seu atavío e a pose tan formal diante do cadro, así mo fan supoñer.

O modelo, unha vez máis, é *O Altruán*, caracterizado de ferreiro.

A fisionomía patriarcal do modelo, cadra moi ben có tema. Represéntase nunha fragua, co martelo traballando unha peza na zafra. Coa cabeza levemente inclinada e unha expresión concentrada, as faccións rudas e marcadas de Celestino e a súa musculatura

forte, son reflectidas de maneira maxistral polo xove pintor. A liña moi marcada e a forza da expresión son características que lle distinguirán sempre.

O fondo, neutro, resulta aínda un pouco plano. A profundidade, difícil de plasmar para calquera pintor, irá adquiríndoa pouco a pouco a través dos anos, ata chegar, nas súas últimas obras, a logros realmente magníficos.

Aos quince anos, cunha bolsa de estudos⁶ da Deputación de Lugo, foise a estudar Belas Artes a Madrid, a Academia de San Fernando. Como non tiña a idade regulamentaria, tivo que ser tutelado durante un ano polo gravador lucense Castro Gil, que sería unha figura protectora e amiga para todos os xoves artistas lucenses que ían estudar a Madrid.

Durante os seis anos que alí estivo tería mestres tan prestixiosos como Cecilio Plá, Julio Romero de Torres, José Moreno Carbonero, Eduardo Chicharro ou Manuel Benedito, e compañeiros como Salvador Dalí.

Con eles desenvolveu o gusto polo realismo que lle acompañaría durante toda a súa vida.



Lám. 4: Permiso outorgado polo Museo del Prado, para que os estudantes da Academia de San Fernando puidesen copiar os cadros e esculturas expostos. Madrid, 26 de xaneiro de 1923. Fotografía cedida polos seus descendentes.

6 Para facerse acreedor da mesma tivo que facer un cadro que demostrase as súas condicións. Pintou a un tipo popular de Ribadeo. O recorte de prensa, incompleto, que recolle a noticia, non especifica de quen se trata.

En 1928, posiblemente xa co título de profesor de debuxo, está datado o seguinte retrato do *Altruán*. Xunto á súa firma, pódese ler: *Ribadeo 1928*.



Lám. 5: *Vello con neno*. Benito Prieto Coussent. Óleo sobre lenzo. 1,50x1,50. Ribadeo. 1928. Colección particular. Foto da autora.

En 1928 está tamén a facer o monumento ao Santísimo da igrexa de Galdo e outros encargos, tamén en Ribadeo.

Nesta obra, de composición algo forzada, aparece *O Altruán* sentado, cunha man na xeonllo e lixeiramente encorvado, actitude que lle é moi característica.

A vestimenta é similar á que aparece noutros cadros, aínda que un pouco máis coidada, cun vello gabán, cun bolso polo que asoma un pano coidadosamente dobrado, pantalóns escuros e limpos, e calza, como é habitual nel, zocos.

A súa fisionomía é perfectamente recoñecible aínda que algo máis avellentada. A mirada pensativa e perdida, a barba longa bastante ben peiteada, e como é frecuente tamén nel, fuma en pipa.

Aparece cun neno, probablemente fillo ou neto.

O pintor contrasta a frescura da figura infantil e espontánea coa pensativa e cansada do vello.

Neste cadro, de fondo escuro, cor madeira, na mellor tradición da pintura española do Século de Ouro, destaca a mancha cromática, dun roxo intenso, da camiseta do neno.

O centro óptico da composición é un pequeno cangrexo que o rapaz ten prendido dun fio por unha das patas. Mira para el e tamén mira para el un gato de incisivos ollos azuis que agarda a ocasión de botárselle derriba.

Quizais a composición non estea moi lograda, pero penso que en conxunto é unha obra moi expresiva e que responde a un interese profundo de captación da realidade, e produto dunha intensa observación.

A luz, máis clara no primeiro plano, serve para asentar mellor as figuras no espazo e axuda a dar unha sensación de profundidade, a pesar da pouca variedade cromática, que non vemos en obras anteriores.

Este cadro, en 1936 atopábase no *hall* da casa madrileña da escritora, dramaturga e intelectual feminista María Francisca Clar Margarit (1888 Palma de Mallorca - 1952 Madrid) coñecida polo pseudónimo de *Halma Angélico* e, o menos coñecido, de *Ana Ryus*.

Muller de complexa personalidade, fervente católica, feminista, amiga de intelectuais diversos, moitos deles da esquerda, foi unha figura importante no Madrid da Segunda República. Móvese entre o conservadorismo e o progresismo, intentando atopar un equilibrio. Polos seus artigos, obras de teatro (*La nieta de Fedra*, *Entre la cruz y el diablo*, *Al margen de la ciudad...*), e posicionamento na defensa dos dereitos da muller (pertenceu á *Asociación Nacional de Mujeres Españolas* e foi vicepresidenta da *Unión de mujeres de España* e da *España Femenina*), e dos exiliados (creou un *Hogar Sudamericano para exiliados*), foi atacada frecuentemente na prensa da época. Pola súa destacada actitude social e política, ao remate da Guerra Civil estivo tres meses no cárcere. Ao saír, e ata a súa morte en 1952, permaneceu en Madrid esquecida e marxinalizada.

Como chegou o cadro ao seu poder, non o sabemos. Que estaba na súa casa é un feito narrado por

José Navarro González de Canales no seu libro autobiográfico *Mis primeros 83 años se confiesan*. Este político e industrial de ideoloxía conservadora e de dereita, foi á casa de Halma Angélico a pedir axuda para un cuñado seu encarcerado polo goberno da República en 1936. Temendo que fose fusilado, como acontecía frecuentemente, e sabendo que a escritora tiña importantes amizades que podían liberalo, recorreu a ela, que decidiu darlle axuda de inmediato por parecerlle o feito unha inxustiza.


Navarro narra así o feito: “Subimos al piso de Alma Angélica. En el “hall” había un cuadro de un viejo, de Prieto Cusén, que por cierto, lo tengo yo ahora en mi poder”⁷.

A amizade entre a familia Navarro e a de Halma Angélico fariase moi estreita ao longo dos anos, case familiar, pasando así o cadro á súa propiedade. Máis tarde pasaría a formar parte doutra colección particular.

Benito Prieto seguiría pintando ao *Altruán*, polo menos en dúas ocasións máis.

Cara a 1930 dátase *Viejo fumando en pipa*, que se encontra nunha colección particular de Granada.

⁷ Navarro González de Canales, J.: *Mis primeros 83 años se confiesan*, Ed. Tordesillas, O.G.S.A., Madrid, 1983, p. 54.




Lám. 6: *Viejo fumando en pipa*. Benito Prieto Coussent. Óleo sobre lenzo. 61x62,50cm. Ca. 1930. Ribadeo. Colección particular. Foto Sociedad Cultural Benito Prieto Coussent.

O modelo, un pouco máis vello e con parecida indumentaria, fuma en pipa e mira ao espectador como se mirase á cámara. O seu realismo e actitude fanme pensar que foi pintado por unha fotografía.

Pintado de torso e apoiado nunha mesa de madeira, sostén coa súa man dereita, de dedos anchos e calosos e uñas sucias e rotas polo duro traballo, a súa inseparable pipa.

Aínda que se arranxou para a ocasión, nótanse nel os anos de duro traballo e exposición ao sol. A parte superior do cranio, máis branca que o resto da cabeza, amósanos a pegada dunha gorra ou un sombreiro, e o nariz, con algunha protuberancia, tamén nos fala de largas xornadas exposto ás inclemencias. A expresión é formal, propia dun posado e a súa mirada non está exenta de certa melancolía.

Podíamos comparala con fotografías contemporáneas. Nesta tería ao redor de 76 anos.



Lám. 7: *Retrato do Altruán*. Fotografía descoñecido. Ribadeo. Ca. 1932.

Esta fotografía foi publicada na portada do *Boletín de la Caja Regional Gallega de Previsión Social*, nº 10, Outubro-Novembro de 1932.

Ao pé pode lerse: "Pedro Celestino Alonso, conocido por el "Altruán," viejo lobo de mar -76 años- a quién se le concedió la pensión vitalicia de 365 pesetas anuales, en el *Homenaje a la Vejez*, celebrado en Ribadeo en 1932.

Esta noticia foi publicada pola Asociación de Veciños *Atalaia*, de Ribadeo, no seu blog, o mércores, 28 de abril do 2010⁸.

Ao redor de 1930, dátase o cadro *A Última cea de Xesús*, adquirida ao artista pola mecenas de Porriño D^{ra}. Corona González Santos, dona do tamén mecenas, ribadense, D. Ramón González Fernández.

Nesta interesante obra, Prieto Coussent toma como

⁸ <https://atalaiaasocvecinos.blogcindario.com/2010/04/02158-del-altruán.html>

modelo para aos apóstolos a varios personaxes ribadenses, co que humaniza este pasaxe evanxélico e, ao mesmo tempo, fai unha crónica fiel da realidade⁹.



Lám. 8: *A Última Cea de Xesús*. Benito Prieto Coussent. Óleo sobre lenzo. 125,50x79cm. Ca. 1930. Colección particular. Fotografía da autora.

9 CASTRO FERNÁNDEZ, C.: "A Última Cea de Benito Prieto Coussent: personaxes tomados da realidade", *Lucensia*, nº 48, 2014, pp. 121-128; Id.: "Os ribadenses de antano pintados por Benito Prieto Coussent", *Libro das Festas da Patrona. Ribadeo 2014*, Ribadeo, 2014, pp. 29-34.

No primeiro termo, representando á figura do apóstolo Pedro, vemos á figura do *Altruán*, de quen a fisionomía curtida e ruda figura, encaixan moi ben ca que se supón que tería aquel.



Lám. 9: O Apóstolo Pedro (A Última Cea de Xesús). Benito Prieto Coussent. Óleo sobre lenzo. Ca. 1930. Colección particular.

O artista representa ao apóstolo de perfil. O seu coñecemento do modelo facilita a súa labor.

Cunha liña segura plasma o seu perfil rotundo e a súa expresión seria e concentrada.

Revísteo de unha gran dignidade. Está a falar con outro apóstolo. A comunicación entre ambos é xestual, pois a súa fisionomía é inexpressiva.

O realismo no tratamento é exacerbado. Na parte da anatomía que deixa ver a túnica vemos a diferenza de cor da pel debido á exposición ao sol. O apóstolo Pedro tamén era un rudo mariñeiro, que faenaba no mar. Que tería unha musculatura desenvolvida polo esforzo cotián, as mans deformadas e as uñas rotas.

A sinxela túnica de tela basta, déixanos ver unha perna que remata nun pé descalzo e sucio.

Benito Prieto recrea unha Última Cea nun escenario sinxelo, cuns protagonistas humildes e fundamente humanos. Algo que fará durante toda a súa vida: A busca da fondura nos feitos e nas persoas, fuxindo do convencionalismo e a ostentación.

Todos os cadros comentados neste artigo son obras de mocidade, feitas en Ribadeo.

Ao rematar a Guerra Civil, co seu traslado a El Padul, comezará a súa etapa máis produtiva e madura. Serán sen embargo estes primeiros anos, de formación, decisivos e neles irá xa o xermolo do seu xenio creativo, o seu fondo realismo, o seu perfeccionismo, e a captación psicolóxica do carácter dos seus modelos.

4. Conclusión

O labor dos nosos fotógrafos e pintores, neste caso Benito Prieto Coussent, é decisiva para coñecer a nosa historia, que a través deles volve viva e nítida a nós.

Neste caso o personaxe ribadense do *Altruán* (que hoxe dá nome ao equipo de remo da vila), é máis que unha lenda. É un home de carne e óso que nos mira fixamente, sereno, intemporal.

Homes e mulleres, antepasados nosos, que conforman a historia dun pobo e nos permiten reconstruíla.

O pintor ribadense Benito Prieto Coussent, non suficientemente valorado, forma parte de Ribadeo e, grazas ao seu talento, podemos viaxar no tempo e recrear imaxes doutros tempos.

Na nosa man está transmitir ese legado, non deixalo morrer, para que os ribadenses de mañá teñan conciencia do seu valor.

Bibliografía

B. M.: "Vine a Ribadeo para recordar a mi abuela y buscar sus raíces", *La Voz de Galicia. A Mariña*, 22/05/2009. Programa Onda Cero. *Mariña en la Onda*.

CASTRO FERNÁNDEZ, C.: "A Última Cea de Benito Prieto Coussent: personaxes tomados da realidade", *Lucensia*, nº 48, 2014, pp. 121-128.

CASTRO FERNÁNDEZ, C.: "Os ribadenses de antano pintados por Benito Prieto Coussent", *Libro das Festas da Patrona. Ribadeo 2014*, Ribadeo, 2014, pp. 29-34.

CASTRO FERNÁNDEZ, C.: "Corona González Santos e Ramón González, un matrimonio de mecenas", *Croa*, nº 25, 2015, pp. 96-101

GALDO, F.: *Pintura y Pintores de Viveiro*, Edición do Castro, Sada, A Coruña, 1992, pág 69.

NAVARRO GONZÁLEZ DE CANALES, J.: *Mis primeros 83 años se confiesan*, Ed Tordesillas, O.G.S.A., Madrid, 1983, pág 54.

Las Riberas del Eo, Ribadeo, 9/8/1918.

Céltiga Revista Gallega, Año IV, nº68, Bos Aires, 25/10/1927. Portada.

<https://atalaiaasocvecinos.blogcindario.com/2010/04/02158-del-altruán.html>